

PEZA DO MES

novembro

2002



CAPITEL DO LAVATORIO DOS PÉS

CA. 1300-1320
GRANIO
39 x 37 x 37 CM
N. ° Inv. 8

O CAPITEL HISTORIADO DO LAVATORIO DOS PÉS É PRODUCTO DAS PROFUNDAS TRANSFORMACIÓNS QUE DENDE FINAIS DO SÉCULO XII VIÑAN PRODUCÍNDOSE NA ESCULTURA. O SEU ORDEAMENTO AXÚSTASE A UNHA FORTE XEOMETRIZACIÓ N PERO DENDE UNHA INTERPRETACIÓ N SENTIMENTAL DO TEMA QUE NOS ACERCA Ó QUE SERAFÍN MORALEJO DEFINIU COMO “ESTILO OURENSÁN”





CAPITEIS DA "CLAUSTRA NOVA". CATEDRAL DE OURENSE

CAPITEL

Xa a arte romana fixera intervir ás figuras no ordenamento do capitel; no seu cálatos méstúranse cabezas, "*putis*", medias figuras humanas ou pequenos deuses coas follas de acanto ou carballo, pero sempre de xeito excepcional e incompleto, sen desenvolver nel composicións propiamente ditas.


Os tanteos imprecisos dos relevos apenas caligráficos do prerrománico conclúen na decimo-primeira centuria coa recuperación plena da escultura arquitectónica. É entón, cando un rico repertorio de formas, sempre alleas á vida e á realidade, pero cheas de expresividade van decorar tímpanos, portadas, ménsulas e capiteis. Nace así o que coñecemos como capitel historiado, que se vai enchendo de caprichosas ornamentacións, onde plantas, sereas e quimeras se confunden, e nos que a figura humana é á vez animal ou folla.

A pesar deste aparente caos, a escultura románica é un sistema pechado e unitario subordinado á arquitectura, ás súas funcións construtivas e ás súas leis. As figuras ou elementos adaptáanse a un espazo limitado que todo o constrinxen, alóngo ou defórmao segundo sexa o seu marco, sempre ó servizo dunha idea transcendente, como catecismo en pedra. Preténdese unha lectura intelectualizada das imaxes, despreocupada de todo o que non sexa contido. Por iso, algunhas veces, para facilita-la

comprensión o escultor afánase en pór cartelas, nomes ou símbolos debaixo das figuras para que a mensaxe non se perda. Seguindo estas regras o escultor crea unha natureza distorsionada e complexos repertorios iconográficos, de temática moi variada que reflicte a visión que o home do século XI ten de Deus: a *Maiestas Domini*, o Crismón, a confrontación de vicios e virtudes, o ciclo do Vello e do Novo Testamento, o Xuicio Final, sempre dentro dun ton distante e épico propio dunha época de cruzadas e peregrinacións.

Esgotado o sistema, dende finais do século XII, búscanse novas fórmulas que terán o seu punto de partida fundamentalmente na obra do abade Suger en Saint Denis, no Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago e no claustro da Daurade de Toulouse, que culminará coa creación dunha nova linguaxe. A partir deste momento, a natureza, a moral e a historia serán o espello onde se mire esta nova arte. Os temas serán os mesmos pero modificando o seu tratamento. A figura de Deus como xuíz humanízase, nunha visión dualista, é a vez unha ameaza e un consuelo. Nesta mesma liña a figura de Cristo móstrase amable bendecendo no parteluz dalguhas portadas e recúrrese ós ciclos do Nadal e a Paixón máis cercanos a unha nova sensibilidade.

A este espírito responde a peza que nos ocupa. Trátase dun capitel exento con desbastado troncocónico no que se representa, en relevo, a escena evanxélica do Lavatorio dos pés. Na súa cara principal aparece a figura de Cristo con túnica e nimbo crucífero no momento de lavarlle



ALBUM DE VILLARD DE HONNECOURT, FOLIO 18. (PARÍS, BIBLIOTECA DE LA ESCUELA DE B.B.A.A.).

os pés a Pedro, que reproduce con minuciosidade o que se describe no Evanxeo de San Xoán: "*Simón Pedro díxolle: Señor, entón non só os pés, senón tamén as mans e a cabeza*" (Jn 13,6). Completan a composición as figuras de oito apóstolos, sentados e agrupados de dous en dous en sacra conversación, agás dous que enseñan nos ángulos as súas cabezas. O autor do capitel por falta de espazo para representar a tódolos apóstolos, recurriu á simboloxía dos seus atributos, podemos recoñecer a Santiago Apóstolo pola cuncha de vieira colocada á esquerda de Pedro. De máis difícil interpretación resulta a identificación das figuras que aparecen con libros, que pode evocarnos a San Xoán, así como a figura que aparece sinalando cos dedos o costado douto Apóstolou e puidera aludir a duda de Santo Tomás. Por último a transición ó ábaco de sección cadrangular faise por medio de follas trilobuladas carnosas e naturalistas, e por medio dun plano circular que sobresa lixeiramente do ábaco, recurso que vai ser moi empregado con posterioridade nos capiteis de claustros franciscanos.

Por outra banda, o seu esquema interno responde ós postulados xeométricos formulados, no

século XIII, por Villard de Honnecourt. Este método que resume moi ben a arte da composición da escultura románica, prelude a súa vez unha nova arte intermediaria entre dúas épocas. Polo tanto, este capitel atópase nese contexto de indefinición e transición que Moralejo define como "estilo ourensán". Forxado pola man dos escultores, con seguridade foráneos, da Clastra Nova da catedral ourensá, pervivirá no tempo, estendéndose pouco a pouco, durante a primeira metade do século XIV por distintos puntos de Galicia. Comezando por Santiago será reinterpretado con posterioridade non só nos capiteis do claustro de San Francisco de Ourense senón noutros conventos franciscanos, podendo rastrexar as súas orixes na portada abacial de Saint Denis e tendo como punto intermedio o claustro da catedral de Burgos.

En contradición co que documentan os arquivos do Museo, algúns autores non cren probable que tanto este capitel como o que, de iguais características, conservado tamén no Museo representa a Santa Cea estivesen destinados para a Clastra Nova catedralicia. Tal afirmación, apoiada polo carácter exento do capitel, o perfil do ábaco e as súas medidas non parece estar corroborada polas evidentes similitudes estilísticas coas da citada dependencia: o seu desbastado troncocónico, o releo profundo e acusado das figuras, a maneira de acomodalas, os óvalos redondos dos seus rostros os seus labios carnosos; o tratamento das vestiduras, a solución das dobreces mediante raias paralelas, regulares e angulares son semellantes os que se conservan "*in situ*" na Clastra Nova, impoñéndose en todos, coma xa dixemos, unha marcada tendencia á xeometrización, fórmula estilística do obraidoiro que traballa nela.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Ana María Veiga Romero . FOTOGRAFIA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-986-2002



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

